

AGOSTO 2019

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Agosto 2019

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18
VIAXEIROS	12.893.366	3,1%	659.677	3,3%
NOITES	46.998.612	1,5%	1.555.379	3,6%
ESTADÍA MEDIA	3,65	-1,6%	2,36	0,3%
% OCUPACIÓN	76,77%	0,66	67,24%	2,05
% OCUPACIÓN Fds	77,54%	-0,29	67,97%	-1,43

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de agosto rexístrase un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, sobe a cifra de viaxeiros aloxados un 3,3% e o volume de noites un 3,6% en relación ao mes de agosto de 2018.
- Increméntase a demanda neste ano en contraposición ao descenso observado no pasado 2018 –do 7,1%- mais da continuidade á tendencia positiva que se viña rexistrando desde o 2013, con subas consecutivas de diversa intensidade. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de mellora da demanda hoteleira en Galicia no mes de agosto, circunstancia que coloca o nivel deste ano en preto de 1,56 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada da serie histórica, só por debaixo do valor rexistrado en 2017-.
- No relativo ao volume de viaxeiros aloxados a evolución é parella, con crecementos case consecutivos desde o ano 2013 –só puntualmente amortiguados pola caída rexistrada no pasado ano 2018- que sitúan os niveis deste ano en preto de 660 mil viaxeiros –dato que neste caso se sitúa como o cuarto máis elevado da serie, por detrás dos valores rexistrados en agosto de 2015 a 2017-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de máis de 21 mil viaxeiros aloxados e de 54 mil noites en relación ao mes de agosto de 2018.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento semellante pero de menor intensidade. No conxunto de España rexístrase igualmente un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 3,1%- así como do volume de noites –do 1,5% neste caso-.
- Este crecemento vén como consecuencia do comportamento positivo observado na maior parte das comunidades autónomas. En particular, sobe o nivel de demanda en trece delas sendo Andalucía o destino que presenta o incremento de maior intensidade –cunha suba do 4,9%- . Lidera o ranking a nivel estatal e sitúase por diante das restantes comunidades entre as que se atopan, en segundo lugar, Castela e León –cunha suba do 4,5%- e Navarra –cun crecemento neste caso do 4,2%-.
- A nosa comunidade sitúase, xunto con Asturias, a continuación das tres anteriores cun incremento global do 3,6%. Logo de Andalucía son, por tanto, diversos destinos do norte peninsular os que presentan mellor comportamento relativo neste oitavo mes do ano.

- No lado contraio o destino que presenta o incremento de menor intensidade é A Rioxa –cunha suba próxima ao 1% en comparación co pasado ano-.
- Un destino mantense en niveis semellantes aos do pasado ano –Baleares neste caso- mentres que tres deles presentan caídas da demanda en comparación con agosto de 2018. Son Estremadura – que rexistra un descenso do 1,5%-, Cantabria –do 2,5%- e Canarias –cunha caída neste caso do 3,8%-.
- En termos de viaxeiros aloxados a situación cambia lixeiramente. Neste caso lidera o ranking a nivel estatal Murcia –cunha suba do 8,3%- por diante das restantes entre as que destacan nun segundo grupo a C. Valenciana –cun incremento do 6,3%- e A Rioxa –cunha suba neste caso do 5,6%-. Tamén neste caso son trece as comunidades que se sitúan en termos positivos, mellorando con diversa intensidade as cifras do pasado ano. Canarias e Cantabria mantéñense nas cifras do pasado ano mentres que Estremadura e Madrid amosan caídas moi suaves –do contorno do 1% interanual-.
- Consólidase neste mes de agosto a serie de crecementos consecutivos da demanda que se viñan rexistrando desde novembro de 2018 –coa excepción da caída rexistrada en marzo-. Son, por tanto, nove meses case consecutivos de comportamento positivo que xeran crecemento global na temporada baixa e media, e agora tamén no verán.
- Baleares –con máis de 10,8 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de agosto –absorbendo o 23,0% do total estatal-. Acontece isto por cuarta vez neste ano –tamén de maio a xullo- e logo de que nos anteriores sete meses se situase en posicións inferiores e fose Canarias o destino de maior volume e peso –no primeiro trimestre supoñía o 30% do total-. Cambia, por tanto, a dinámica turística no conxunto do Estado na temporada media e alta en relación ao observado na temporada baixa.
- Logo de Baleares, seguen en orde de importancia neste mes Cataluña –con máis de 8,9 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con máis de 7,6 millóns-, Canarias –con máis de 6,6 millóns-, a C. Valenciana –con pouco máis de 4,0 millóns- e a certa distancia Madrid –con preto de 2,0 millóns de noites neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 85% do total da demanda hoteleira de España. O 15% restante repártese no resto do territorio.
- Galicia ocupa neste mes a sétima posición –por detrás das seis anteriores- representando o 3,3% do total estatal. Acontece isto por terceira vez neste ano –tamén en xuño e xullo- pois ata o mes de maio situábase tamén por detrás de Castela e León, e mesmo doutros destinos a principios de ano. Mellora, por tanto, a posición da nosa comunidade no contexto estatal a medida que se achega a temporada alta, e xustamente acada en agosto o seu peso máis alto co 3,3% do total de España.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento algo dispar dos tres grandes segmentos, con variacións ademais de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- descende levemente neste mes de agosto, un 1,0% en particular, como consecuencia dunha caída da cifra de viaxeiros residentes levemente amortiguada por unha mellora da estadía media. Cae a demanda interna por segundo ano consecutivo neste oitavo mes do ano –se ben os descensos son moi leves-, situando o nivel final deste ano en preto de 271 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-.

- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta un comportamento positivo, con incrementos tanto da cifra de viaxeiros españois –do 7,2%- coma do volume de noites –co 6,4% neste caso-. Contrasta este crecemento coa caída rexistrada no pasado ano 2018 mais da continuidade á tendencia positiva de anos anteriores, concretamente desde 2013 ata 2017. Con isto o mercado receptor nacional acaba en agosto preto do millón de noites –a segunda cifra máis elevada da serie histórica, só por debaixo do valor rexistrado en 2017-.
- O turismo internacional presenta un comportamento parello ao mercado interno. Rexistra neste mes unha suave caída do 1% no volume de noites hoteleiras como consecuencia de certo empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros incrementábase nunha porcentaxe equivalente –nun 1%- . Son variacións pouco significativas que neste caso veñen a confirmar a caída xa rexistrada en agosto do pasado ano e colocan o nivel final de agosto en 288 mil noites –a cifra máis baixa dos últimos catro anos-.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 18,5% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada alta que neste ano empeora nun punto a porcentaxe rexistrada en agosto de 2018 –cando representaba o 19,4% do total-. Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o peso do turismo internacional mantívose sempre por debaixo do 20% neste mes de agosto –en contraste co que se observa na temporada media, por exemplo-.
- O segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional –supón o 64% do total da demanda hoteleira, cifra importante como corresponde a un mes de verán-. O turismo interno sitúase no 17,4% do total neste caso.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo da demanda hoteleira. En particular, sobe o volume de noites nas catro provincias galegas, con maior intensidade naquelas de interior –un 11,6% en Lugo e un 12,2% en Ourense- e con menor intensidade naquelas do arco atlántico –un 2,5% en A Coruña e un 1,6% en Pontevedra-.
- Con 707 mil noites hoteleiras, Pontevedra é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 45,5% do total-. Acontece isto por segunda vez neste ano pois ata o mes de xuño é A Coruña a provincia de maior volume e peso no conxunto da comunidade. Este cambio é propio da temporada alta, período no que a provincia de Pontevedra, e concretamente destinos do litoral, incrementan notablemente os seus niveis de demanda hoteleira en relación ao resto do ano.
- Seguen en orde de importancia neste mes A Coruña –co 36,5%- , Lugo –co 12,1%- e Ourense –co 5,9% neste caso-. Con esta distribución obsérvase que o 82% da demanda localízase nas provincias do arco atlántico –porcentaxe semellante á de xullo mais superior á rexistrada nos pasados meses deste 2019-. Acentúase no verán, por tanto, a concentración da demanda turística nos destinos do litoral da comunidade en relación ao resto do ano.
- A estadía nos hoteis e pensións de Galicia mantense estable neste mes de agosto, situándose preto de 2,4 noites de media. Son cinco anos consecutivos de crecemento e/ou estabilidade da estadía media, circunstancia que coloca a cifra final deste ano na máis elevada da década.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 7,2 noites de media, mentres que Castela e León e Extremadura rexistran a cifra máis baixa, de pouco máis de 1,6 noites en ambas.

- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de certa estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe apenas un 0,2%-, circunstancia que leva en consecuencia a unha mellora do nivel de ocupación –sobe en dous puntos porcentuais para situarse no 67,2% de media para este mes-. Contrasta esta mellora coa caída rexistrada no pasado ano mais vai na liña dos crecementos rexistrados no período 2013-17. Esta tendencia sitúa o nivel de ocupación de agosto deste ano na segunda máis elevada da serie histórica.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia sitúase nunha posición intermedia en termos de ocupación hoteleira. Os hoteis e pensións de Baleares rexistran a porcentaxe máis elevada cun 89,9%. No lado contrario as cifras máis baixas localízanse en Castela A Mancha –cun 39,1% de media neste caso-.
- As tarifas hoteleiras en Galicia increméntanse levemente neste oitavo mes do ano –un 0,6% en particular- situándose en 71,1 euros de media –cifra que se coloca nunha posición intermedia en relación ás restantes comunidades autónomas-. Baleares é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de agosto con 139,1 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Andalucía –con 121,8 euros-, o País Vasco –con 116,4 euros- e Cataluña –con 110,0 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 109,7 euros de media.
- Por terceira vez neste ano, e de forma consecutiva, Canarias non lidera o ranking de tarifas hoteleiras no conxunto do Estado. Si acontecía de xaneiro a abril.
- Os prezos hoteleiros melloran en boa parte das comunidades autónomas –catorce en particular- sendo o País Vasco o destino que rexistra o incremento de maior intensidade –do 6,1%-. Cantabria sitúanse a continuación cunha suba do 5,7% neste caso. Mantéñense estables en Castela e León e descenden en dous destinos concretos –a C. Valenciana e Asturias-, esta última coa caída máis notoria, do 2,1%-.
- É o sexto ano consecutivo no que melloran as tarifas hoteleiras en Galicia no mes de agosto, acadando neste 2019 a cifra máis elevada da década.
- A mellora dos niveis de ocupación neste mes de agosto –froito dun crecemento da demanda-, prodúcese, por tanto, nun contexto de leve crecemento das tarifas hoteleiras. Isto leva a que neste mes os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2018 –o RevPAR sobe un 2,9% ata situarse en 48,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a sétima máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Baleares –con 128,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de agosto. Sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destacan o País Vasco, Andalucía e Cataluña –todas por encima dos 90 euros-. Castela A Mancha marca no lado contrario o nivel de rendibilidade máis baixo con 23,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo a nivel das comunidades, mellorando o nivel de rendibilidade en todas elas agás en Canarias. Murcia rexistra o crecemento máis notorio e destacado, do 9,9%.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Agosto 2011-19




Fig. 2. Peso dos mercados turísticos. Agosto 2019




Fig. 3. Variación da demanda segundo a procedencia. Agosto 2019




Fig. 4. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Agosto 2019




Fig. 5. Evolución da estadia media. Agosto 2011-19




Fig. 6. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Agosto 2011-19




Fig. 7. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Agosto 2011-19

